



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G007/000021

CERTIFICACIÓN

JUAN ESTEBAN MÉNDEZ LEIVA, SECRETARIO ACCTAL. DO CONCELLO DE SADA (A CORUÑA),

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión telemática extraordinaria do 30.12.2020 adoptou, entre outros, o acordo que a continuación se transcribe literalmente na súa parte dispositiva:

<<3º.- Adxudicación do contrato da obra incluída no POS+2020. Mellora de instalacións e pavimento en camiños de Piñeiro, Meirás (Sada).

1º.- Declarar válida a licitación por procedemento aberto simplificado das obras de Mellora de instalación e pavimentos en camiños de Piñeiro, Meirás (Sada), incluída no POS+2020.

2º.- Adxudicar o contrato das obras de Mellora de instalación e pavimentos en camiños de Piñeiro, Meirás (Sada), incluída no POS+2020, á empresa EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L., titular do CIF B15122104, por ser a proposición economicamente máis vantaxosa, non incurso en situación de valores anormalmente baixos, no prezo total de oitenta e seis mil novecentos corenta e seis euros con cinco céntimos (Base: 71.856,24 €, IVE 15.089,81 €, Total: 86.946,05 €).

3º.- Dispoñer o gasto con cargo a aplicación orzamentaria 453 61900 2020 2 13 6 1 do Presuposto municipal.

4º.- Notificar electronicamente este acordo ao adxudicatario e requirilo para que conorra a formalizar o contrato en documento administrativo na data e hora que estableza a Alcaldía, dentro do prazo que establece o artigo 153.3, parágrafo 3º, da Lei de Contratos do Sector Público.

5º.- Notificar aos restantes licitadores e publicar esta adxudicación mediante anuncio no Perfil de contratante, e publicar no mesmo medio a formalización do contrato.

6º.- Formalizado o contrato, o contratista deberá presentar o programa de traballo, o plan de xestión de residuos e o plan de seguridade e saúde da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde do proxecto, para a súa aprobación pola Alcaldía, previo informe da coordinación de seguridade e saúde, e a súa posterior comunicación á autoridade laboral, tras o cal procederase á comprobación do trazado de planta e inicio da obra>>.

E para que conste e para os efectos oportunos expido o presente certificado asinado dixitalmente, a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, co visado do alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, o 30 de decembro do 2020.